



CONCELLOS

BURELA

Anuncio

EXPT. 1143/2025.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO COMITÉ DE XESTIÓN DE PRAIAS DO CONCELLO DE BURELA

Aprobada inicialmente polo Pleno do Concello en data de 7 de agosto de 2025 a modificación do Regulamento do Comité de Xestión de Praias do Concello de Burela, o expediente permaneceu exposto ao público por prazo de trinta días, mediante anuncio publicado no BOP de Lugo 202 de 3 de setembro de 2025.

Ao non presentárense reclamacións ou suxestións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio da modificación do Regulamento do Comité de Xestión de Praias do Concello de Burela cuxo texto íntegro se fai público para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, co seguinte tenor literal:

"REGULAMENTO DO COMITÉ DE XESTIÓN DE PRAIAS DO CONCELLO DE BURELA

I.- NATUREZA DO COMITÉ DE XESTIÓN DE PRAIAS.

Artigo 1.- O Comité de Xestión de Praias do Concello de Burela constitúese como órgano de consulta e asesoramento do Goberno Municipal nas actuacións relacionadas coa posta en marcha e seguimento dos métodos e actividades de xestión ambiental das praias municipais e do desenvolvemento de inspeccións ou auditorías ambientais das instalacións das praias.

II.- COMPOSICIÓN DO COMITÉ.

Artigo 2.- O número de membros do Comité fíxase en catorce, elixidos da seguinte maneira:

- O/a Alcalde/sa - Presidente do Concello de Burela, que exercerá como Presidente do Comité.
- O/a concelleiro/a de Obras e Servizos do Concello de Burela, que exercerá de Coordinador do Comité.
- O/a concelleiro/a de Educación e Medioambiente do Concello de Burela, que exercerá de Secretario/a do Comité.
- O/a concelleiro/a de Industria Turismo e Comercio do Concello de Burela.
- Un representante de cada un dos grupos políticos que pertencen á Corporación Municipal e que non formen parte do Goberno Municipal.
- A técnico de Medio Ambiente do Concello de Burela.
- Unha monitora do Centro de Educación Medioambiental "Gaia" do Concello de Burela.
- O arquitecto técnico, encargado de obras do Concello de Burela.
- O coordinador do Grupo de Actuación do Concello de Burela.
- O Inspector Xefe da Policía Local do Concello de Burela.
- Un representante da empresa encargada da xestión da limpeza municipal.
- Un representante da empresa encargada da xestión da auga municipal.
- Un representante da Asociación Municipal de Veciños do Concello de Burela.
- Un representante da asociación "Pasada das Cabras".

Artigo 3.- Os membros do Comité, perderán a condición de tales no momento de cesar nas súas funcións, é dicir, a composición do Comité adecuarase en cada momento ás alteracións que se correspondan nos postos referenciados.

III.- COMPETENCIAS DO COMITÉ.

Artigo 4.- As competencias do Comité serán:

- a. Participar na elaboración, posta en práctica e seguimento dos métodos e actividades de xestión ambiental das praias municipais e do desenvolvemento de inspeccións ou auditorías ambientais das instalacións das praias.
- b. Promover iniciativas para a mellora das condicións do entorno natural e servizos das praias municipais.

Artigo 5.- No exercicio das súas competencias, o Comité está facultado para:

- a. Coñecer directamente a situación relativa á xestión das praias municipais.
- b. Coñecer cantos documentos e informes relativos á xestión das praias sexan necesarios para o desenvolvemento das súas funcións.

IV.- FUNCIONAMENTO DO COMITÉ.

Artigo 6.- Para o funcionamento do Comité establécense as seguintes disposicións:

1. O Comité de Xestión de Praias reunirase como mínimo unha vez ó semestre, constituíndose a tal efecto en sesión ordinaria, previa convocatoria que efectuará o Secretario do mesmo por escrito e con unha antelación mínima de cinco días.
2. O Comité de Xestión de Praias poderá celebrar sesións extraordinarias, a iniciativa do seu Presidente ou sempre que o soliciten como mínimo unha cuarta parte dos seus membros por escrito a aquel cunha antelación mínima de 72 horas.
3. O Comité de Xestión de Praias do Concello de Burela, considerárase legalmente constituído, cando nas reunións se atopen presentes, cando menos, a metade máis un dos seus membros, sempre e cando entre eles figure o coordinador do Comité Municipal e/ou suplente.
4. As decisións do Comité de Xestión de Praias tomaranse por maioría de votos, en caso de empate o voto do coordinador do Comité terá carácter decisivo.
5. O coordinador do Comité, poderá convocar, con voz pero sen voto, a representantes doutras institucións, así coma a particulares, cuxa presenza contribúa ó coñecemento de aspectos específicos da orde do día.

Artigo 7.- De cada sesión levantarase acta que conterá, como mínimo, as circunstancias de lugar e tempo en que se celebrou, o número e identificación das persoas que asistiron, os principais puntos da deliberación, a forma e o resultado da votación e o contido dos acordos. Os membros do Comité presentes na votación poderán facer constar en acta o seu voto contrario ó acordo adoptado e os motivos que o xustifiquen, así como calquera outra circunstancia que estimen pertinente. A elaboración da acta correspóndelle ó Secretario do Comité, que firmará esta co visto bo do Presidente; en caso de ausencia deste, a elaboración correspóndelle de xeito excepcional ó membro máis novo do Comité.

Artigo 8.- A acta aprobarase na mesma ou na seguinte sesión, podendo, non obstante, o Secretario emitir certificación dos acordos específicos que se adoptaran, sen prexuízo da posterior aprobación da acta, reflectindo tal circunstancia.

Artigo 9.- Son funcións do Presidente:

- a. Ostentar a representación do Comité, velar polo axeitado funcionamento do mesmo e polo cumprimento dos acordos adoptados.
- b. Convocar e presidir as sesións.
- c. Abrir e levantar as sesións, dirixir as intervencións, conceder e denegar a palabra, determinar no seu caso os tempos de intervención.

Artigo 10.- En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, o Presidente será substituído polo coordinador do Comité.

Artigo 11.- Son funcións do coordinador:

- a. Asistir ó Presidente nos asuntos que este requira.
- b. Coordinar as actividades dos membros do Comité.

Artigo 12.- En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, o coordinador será substituído por un membro do Comité nomeado polo Presidente.

Artigo 13.- Son funcións do Secretario:

- a. Levantar acta das sesións do Comité.
- b. Conformar e custodiar as actas do Comité, así como a expedición dos documentos e certificacións que resulten das actas e acordos do Comité.

c. Facilitar a documentación precisa, no seu caso, para a constitución da reunión.

V.- REFORMA DO REGULAMENTO.

Artigo 14.- Poderán propoñer a reforma deste Regulamento un mínimo da metade máis un dos membros do Comité. A proposta de reforma deberá acompañarse dun texto articulado alternativo e da argumentación en que se funde, referidos ós artigos obxecto de reforma, correspondendo a súa aprobación ó Pleno da Corporación Municipal.”

Contra o presente acordo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso- Administrativa.

Burela, 21 de outubro de 2025.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 2917

O CORGO

Anuncio

Polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 17 de outubro de 2025, prestouse aprobación ao expediente de modificación do orzamento con número 5/2025, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, por un importe total de DOUSCENTOS CORENTA E DOUS MIL OITOCENTOS SESENTA E CINCO EUROS (242.865,00 €), cuarto de competencia do Pleno.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao alcalde-presidente do Concello.

O Corgo, 20 de outubro de 2025.- O alcalde-presidente, Felipe Labrada Reija.

R. 2918

Anuncio

CONVOCATORIA DE AXUDAS ECONÓMICAS DE PAGO ÚNICO ANUAL PARA O FOMENTO DA NATALIDADE NO CONCELLO DO CORGO – ANO 2024

O Pleno do concello, na súa sesión do 20 de novembro de 2020, aprobou inicialmente a ordenanza pola que se regula a concesión de axudas económicas de pago único anual para o fomento da natalidade no Concello do Corgo. A citada ordenanza, estivo exposta ao público durante un prazo de 30 días, non producíndose durante este prazo ningunha reclamación. En consecuencia, a ordenanza quedou aprobada definitivamente, publicándose o seu texto íntegro no **BOP de LUGO Nº 68, do 25 de marzo de 2021**.

O alcalde, por Resolución da Alcaldía do 21 de outubro de 2025 **aprobou a convocatoria das citadas axudas para o ano 2024, é dicir, para os nacementos ou adopcións producidos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.**

En consecuencia, **ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP).** O procedemento de solicitudes e outorgamento desta prestación rexeráse pola Ordenanza Reguladora de axudas económicas de pago único anual para o fomento da natalidade no Concello do Corgo publicada no BOP antes citado **Nº 68, do 25 de marzo de 2021**,

O Corgo, 21 de outubro de 2025.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 2919

A FONSAGRADA

Anuncio

PADRÓNS DE AUGA, LIXO E SUMIDOIROS CORRESPONDENTES AO CUARTO BIMESTRE DO 2025

Aprobado por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 16-10-2025, o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e recollida de lixo correspondente ao 4º bimestre do exercicio 2025, así como a apertura dun período de información pública por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

O prazo de cobro en período voluntario abarcará dende o día 17-10-2025 ao 17-12-2025. Para o cobro de ditos padróns, aos contribuíntes que non o teñan domiciliado, os documentos de cobro seranlles enviados ao domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago nas sucursais bancarias establecidas a tal efecto.

Contra o acto de aprobación do padrón os interesados poderán interpoñer en vía administrativa, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición ante o órgano competente, de acordo con canto establece o artigo 14 do TRLRHL. A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico – administrativa ante o órgano económico – administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A Fonsagrada, 17 de outubro de 2025.- O alcalde-presidente, D. Carlos López López.

R. 2920

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobados por Decreto da Alcaldía os padróns do 3º trimestre do ano 2025 correspondentes a auga, lixo, canon e sumidoiros, por medio do presente faise público que durante o prazo 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, quedan de manifesto nas oficinas do Concello de Guitiriz, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes padróns, poderán interpoñer con carácter preceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes padróns.

A cobranza en período voluntario das taxas dos padróns de auga, lixo, canon e sumidoiros correspondentes ao terceiro trimestre do 2025, terá lugar dende o días **01/11/2025 ao 05/01/2026** (ambos incluídos).

O cobramento efectuarase nalgunha das seguintes modalidades:

- a) Mediante o sistema de domiciliación bancaria, segundo os datos facilitados polos suxeitos pasivos e que obren nesta Administración.
- b) Presencialmente en calquera oficina ou caixeiro de ABANCA co código xerado no recibo.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no citado artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, as débedas relativas á auga, lixo e sumidoiros faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles os recargos do período executivo e xuros de demora que correspondan, tal como se estipula nos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e, se é o caso, os custos que se produzan.

Guitiriz, 17 de outubro de 2025.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 2921

LUGO

Anuncio

Ilma. Sra. dona Ana María González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial do Excmo. Concello de Lugo, en suplencia do Tenente de Alcalde Delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, urbanismo, deportes e xuventude do Excmo. Concello de Lugo.

- Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 3 de febreiro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo 10/49 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A CATRO PRAZAS DE CELADORES/AS DE COLEXIO PÚBLICO PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, DÚAS EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO (OEP 2018) E DÚAS EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2015 E 2017)

- Visto que polo Decreto Nº 2015/2021 do 15/03/2021 se resolveu convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a catro prazas de Celador/a Colexio Público pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, dúas en quenda de acceso libre ordinario (OEP 2018) e dúas en quenda de acceso libre reservado a persoas con discapacidade (OEP 2015 e 2017).

Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo número 77, de 7 de abril de 2021

- Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 4 de maio de 2022, adoptou, entre outros, o acordo 11/252 APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE LUGO, LEI 20/2021 DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (BOP Lugo núm. 110 de 14 de maio de 2022) no que entre outros puntos acórdase:

Deixar sen efecto: parcialmente a oferta de emprego público do Concello de Lugo correspondente á anualidade de 2015 (unha praza de acceso libre reserva discapacitado Celador/a CEIP); parcialmente, a oferta de emprego público do Concello de Lugo correspondente á anualidade de 2017 (unha praza de acceso libre reserva discapacitado Celador/a CEIP) e desistir dos procesos selectivos convocados de dúas prazas de Celador/a CEIP reserva discapacitado (OEP 2015 e 2017).

- Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 1 de xuño de 2022, adoptou, entre outros, o acordo 5/298 MODIFICACIÓN DO ACORDO 10/49 DE APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A CATRO PRAZAS DE CELADORES/AS DE COLEXIO PÚBLICO PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, DÚAS EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO (OEP 2018) E DÚAS EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2015 e 2017)

- Visto que polo Decreto Nº 7571/2022 do 22/07/2022 se resolveu modificar o Decreto Nº 2015/2021 do 15/03/2021 nos seus apartados primeiro, 1º e 5º.

Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo Núm. 179 do 6 de agosto de 2022.

- Foi publicado extracto de dita convocatoria no «Diario Oficial da Galicia» número 98, de 27 de maio de 2021, con corrección no número 192, de 7 de outubro de 2022.

O anuncio para prover a praza obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” núm. 266, do 5 de novembro de 2022.

- Visto o anuncio asinado polo secretario do Tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de Celador/a de colexio público pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre ordinario (OEP 2018) relativo ao resultado do dito proceso selectivo, no que se fai constar que o Tribunal cualificador, acorda:

“Primeiro.- *Propoñer o acceso en propiedade a dúas prazas de celadores/as de colexio público pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre ordinario (OEP 2018) pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, os seguintes aspirantes que superaron o referido proceso selectivo:*

Nome. DNI. Puntuación.

LÓPEZ MELLA, ANA BELEN ***3201** 17,084.

GIL SAA, JOSE LUIS ***4411** 16,918.

Segundo.- *Elevar a citada proposta de nomeamento á Tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial, por suplencia do Tenente de Alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos internos do Excmo. Concello de Lugo como autoridade convocante.*

Terceiro.- *Publicar a presente resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo e na páxina web municipal, sen prexuízo da posterior publicación no BOP de Lugo por parte da autoridade convocante.”*

En base ao anteriormente exposto e segundo as atribucións delegadas por decreto nº 2730/2025 de 19/03/2025 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo e, ás atribucións

delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Facer pública a relación dos/as aspirantes aprobados/as no referido procedemento selectivo, de conformidade coa base décimo novena das Bases Xerais para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de persoal de funcionarios e de persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano en sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014, 22.03.2017 e 31.10.2018, sendo publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018.

2 prazas de Celador/a CEIP

1º.- López Mella, Ana Belén (DNI ***3201**)

2º.- Gil Saa, José Luís (DNI ***4411**)

SEGUNDO.- Os/as opositores aprobados/as, de conformidade coa base vixésima das Bases Xerais referidas, deberán presentar, no prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte a aquel no que se publicou a presente resolución no BOP de Lugo, no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima), os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- a) Declaración xurada de non estar separados/as do servizo das administracións públicas e non estar incurso/as en ningún punto das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- b) Certificado que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función.
- c) Dúas fotografías tamaño carné.
- d) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (no caso de ter estado de alta).

Quen tivese xa a condición de funcionario público estará exento de xustificar as condicións e os requisitos acreditados para obter o seu anterior nomeamento, e deberá presentar soamente unha certificación que acredite a súa condición de funcionario e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal e a xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso.

Os/as aspirantes aprobados/as que, dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida ou dela se deducise que carecen dos requisitos esixidos nas correspondentes convocatorias, non poderán ser nomeados, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia.

TERCEIRO - Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.
- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 7 de outubro de 2025.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial, Ilma. Sra. dona Ana Mª González Abelleira, por suplencia do tenente de alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, urbanismo, deportes e xuventude.

R. 2922

Anuncio

DECRETO

Ilma. Sra. Dona Ana Mª González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial do Excmo. Concello de Lugo, por suplencia do Tenente de Alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, urbanismo, deportes e xuventude do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído expediente en relación á lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 praza de Operario/a Zona Rural pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre (OEP 2022), e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo en sesión ordinaria celebrada o 20 de marzo de 2024, adoptou, entre outros, o acordo 7/126 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE OPERARIO ZONA RURAL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2022).

- Polo Decreto Nº: 2903/2024 do 01/04/2024 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 PRAZA DE OPERARIO ZONA RURAL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2022).

Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo número 97, de 26 de abril de 2024.

Foi publicado extracto de dita convocatoria no «Diario Oficial da Galicia» número 120, de 21 de xuño de 2024.

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo en sesión ordinaria celebrada o 24 de abril de 2024 adoptou, entre outros, o acordo 7/184 RECTIFICACIÓN DE DIVERSOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO RELATIVOS Á APROBACIÓN DE BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DE DIVERSAS PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO NO QUE RESPECTA Á COMPOSICIÓN DOS TRIBUNAIS CUALIFICADORES DOS CORRESPONDENTES PROCESOS SELECTIVOS, figurando no punto DÉCIMO SEXTO de dito acordo:

DÉCIMO SEXTO.- Rectificar o Acordo 9/128 BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE OPERARIO ZONA RURAL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2022), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 20 de marzo de 2024, de xeito que onde di:

“Secretaria/o: un funcionario/a do grupo A1 ou A2, no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeado/a por resolución da Alcaldía entre aqueles/as que presten servizos no Concello de Lugo e contén con formación no ámbito xurídico.”

debe dicir:

“Secretaria/o: secretario/a da corporación ou persoa funcionaria en quen delegue.”

O dito acordo foi publicado no BOP de Lugo núm. 125 de 31 de maio de 2024. Sendo publicados os correspondentes anuncios no DOG número 134, de 11 de xullo de 2024 e no BOE núm. 227 do 19 de setembro de 2024.

O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” núm. 46, do 22 de febreiro de 2025.

Con data do 24 de marzo de 2025 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- Informe proposta da Xefa de Sección de Organización de Recursos Humanos de data 9 de outubro de 2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Único.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023 foron publicadas as “Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna”, aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, figurando na súa base **DUODÉCIMA.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS:**

No caso de procesos selectivos de quenda libre, rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou Concelleira/o Delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Quen dentro do prazo sinalado non emenden os defectos xustificando o seu dereito de admisión, serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo.

Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución declarando aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, este quedará automaticamente elevado a definitivo.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpren algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que

puidesen derivarse da súa participación no proceso.. É insubsanable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.

(...)

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.”

Por todo o anteriormente exposto, en base as atribucións delegadas por decreto nº 2730/2025 de 19/03/2025 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 PRAZA DE OPERARIO ZONA RURAL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2022), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS

Apelidos e Nome	DNI
DE ANGELIS FERNANDEZ, LORENA	***5174**
DIAZ GARCIA, EUGENIO	***4515**
DIAZ PICO, JAVIER	***1702**
DORADO CORSINO, VICTOR	***4801**
FERNANDEZ PIN, JOSE	***6777**
GARCIA LORENZO, MARCOS	***3912**
GONZALEZ FOLGUEIRA, MIGUEL ANGEL	***4003**
LENCE PEREZ, JESUS ANGEL	***1102**
LOPEZ FERNANDEZ, PABLO	***3657**
LOPEZ SEIJO, SALVADOR	***5771**
LOUREIRO DEL RIO, JAVIER	***3168**
PARADA GONZALEZ, PABLO	***4196**
PEREZ MARTINEZ, MARIO	***5354**
PRADO LORENZO, ALVARO	***5174**
RIVAS GRANDA, ROBERTO CARLOS	***3852**
RODRIGUEZ LUACES, JOSE MANUEL	***4608**
RODRIGUEZ LUACES, MARIA CARMEN	***3278**

EXCLUÍDOS/AS

Apelidos e Nome	DNI	Motivo de Exclusión
BOUZA LOPEZ, JOSE MARIA	***1920**	(3)
ESTRADA ALVAREZ, MARCOS	***4869**	(1)
GARCIA LOPEZ, IGNACIO	***5522**	(2)
VEIGA DIAZ, MANUEL ALEJANDRO	***6912**	(2)

(1): Non aportar DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

(2): Aportar DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea, ilexible.

(3): Presentar solicitude fóra de prazo.

Segundo.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, sinalando un prazo de dez días hábiles para emendas (de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), contados a partir do seguinte á publicación deste Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 9 de outubro de 2025.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial, Ilma. Sra. dona Ana M^a González Abelleira, por suplencia do tenente de alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, urbanismo, deportes e xuventude.

R. 2923

Anuncio

DECRETO

Ilma. Sra. Dona Ana M^a González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial do Excmo. Concello de Lugo, por suplencia do Tenente de alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, urbanismo, deportes e xuventude do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído expediente en relación á lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 prazas de Auxiliar Administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre reservado a persoas con discapacidade (OEP 2021 e OEP 2023), e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo en sesión ordinaria celebrada o 21 de febreiro de 2024, adoptou, entre outros, o acordo 13/54 BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DE 14 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO (OEP 2021-2022-2023).

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 13 de marzo de 2024 adoptou o acordo 16/118 MODIFICACIÓN DO ACORDO 13/54 BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DO 14 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO (OEP 2021-2022-2023).

- Polo Decreto Nº: 2630/2024 do 21/03/2024 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADAS A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2021 e OEP 2023).

Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo número 086, de 13 de abril de 2024.

Foi publicado extracto de dita convocatoria no «Diario Oficial da Galicia» número 99, de 23 de maio de 2024.

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo en sesión ordinaria celebrada o 24 de abril de 2024 adoptou, entre outros, o acordo 7/184 RECTIFICACIÓN DE DIVERSOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO RELATIVOS Á APROBACIÓN DE BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DE DIVERSAS PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO NO QUE RESPECTA Á COMPOSICIÓN DOS TRIBUNAIS CUALIFICADORES DOS CORRESPONDENTES PROCESOS SELECTIVOS, figurando no punto PRIMEIRO de dito acordo:

PRIMEIRO.- Rectificar o Acordo 13/54 BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DE 14 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO (OEP 2021-2022-2023), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 21 de febreiro de 2024 e modificado polo Acordo 16/118 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 13 de marzo de 2024, de xeito que onde di:

“Secretaria/o: un funcionario/a do grupo A1 ou A2, no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeado/a por resolución da Alcaldía entre aqueles/as que presten servizos no Concello de Lugo e contén con formación no ámbito xurídico.”

debe dicir:

“Secretaria/o: secretario/a da corporación ou persoa funcionaria en quen delegue.”

O dito acordo foi publicado no BOP de Lugo núm. 125 de 31 de maio de 2024. Sendo publicados os correspondentes anuncios no DOG número 134, de 11 de xullo de 2024 e no BOE núm. 227 do 19 de setembro de 2024.

- O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” núm. 147, do 18 de xuño de 2024.

- Con data do 16 de xullo de 2024 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- Polo Decreto Nº 3111/2025 do 28/03/2025 resolveuse aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº: 2630/2024 para o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADAS A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2021 e OEP 2023).

Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo número 92 , do 23 de Abril de 2025.

- Con data do 8 de maio de 2025 rematou o prazo de presentación de enmendas.

- Informe proposta da Xefa de Sección de Organización de Recursos Humanos de data 20 de outubro de 2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Único.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023 foron publicadas as "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, figurando na súa base **DUODÉCIMA.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS:**

No caso de procesos selectivos de quenda libre, rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou Concelleira/o Delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Quen dentro do prazo sinalado non emenden os defectos xustificando o seu dereito de admisión, serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo.

Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución declarando aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, este quedará automaticamente elevado a definitivo.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpren algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso.. É insubsanable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma. (...)

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.”

Tendo en conta o anteriormente exposto e en base ás atribucións delegadas por decreto nº 2730/2025 de 19/03/2025 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADAS A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2021 e OEP 2023), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS

Apelidos e Nome	DNI
ANDION PENA, NANCY	***4822**
ALVAREZ CASANOVAS, IRIA LARA	***3820**
BARGUEIRAS VAZQUEZ, CAMILO JOSE	***3581**

BELLO GONZALEZ, BRAIS	***8303**
DIAZ FERNANDEZ, MARGARITA	***4027**
LAMAS ARES, MARIA ISABEL	***3628**
LOSADA VAZQUEZ, ROBERTO	***7860**
MARTINEZ MOURELO, MARIA BEGOÑA	***2639**
MARTINEZ RODRIGUEZ, HUGO	***8863**
MONTERO LOPEZ, VANESA	***2775**
OURO PLATERO, IVAN PABLO	***4337**
PEREZ DIAZ, ROCIO	***3708**
PEREZ MARTINEZ, JUAN CARLOS	***2442**
RIOS PENA, XESUS MANUEL	***6739**
RODRIGUEZ POLLAN, MARIA ALMUDENA	***2992**
SEIJAS CASTEDO, ROSA MARIA	***5014**
TRILLO GONZALEZ, MARIA BELEN	***0405**

EXCLUIDOS/AS

Apelidos e Nome	DNI	Motivo de exclusión
ARIAS GARCIA, NATALIA IMELDA	***4088**	(1)
DEL POZO VAZQUEZ, SUSANA	***1073**	(1)
GONZALEZ BLANCO, MARCOS	***4862**	(1)
GONZALEZ LAGE, TANIA ESTIBALIZ	***4811**	(1)
GUDE ROJO, PATRICIA MERCEDES	***3828**	(1)
MACEIRAS MOLEDO, ANA MARIA	***8601**	(1)
MORENO DA COSTA, PATRICIA	***3838**	(1)
VILLASANTE VAZQUEZ, GEMMA	***2598**	(1)

(1) Non aportar certificado que acredite a compatibilidade das circunstancias físicas ou psíquicas, co desempeño das tarefas e funcións da correspondente praza.

Segundo.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta notificación.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 20 de outubro de 2025.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial, Ilma. Sra. dona Ana Mª González Abelleira, por suplencia do tenente de alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, urbanismo, deportes e xuventude.

R. 2924

Anuncio

DECRETO

Ilma. Sra. Dona Ana M^a González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial do Excmo. Concello de Lugo, por suplencia do Tenente de Alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, urbanismo, deportes e xuventude do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído expediente en relación á lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 prazas de Auxiliar Administrativo/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre reservadas a persoas con discapacidade intelectual (OEP 2021 e OEP 2023), e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo en sesión ordinaria celebrada o 21 de febreiro de 2024, adoptou, entre outros, o acordo 13/54 BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DE 14 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO (OEP 2021-2022-2023).

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 13 de marzo de 2024 adoptou o acordo 16/118 MODIFICACIÓN DO ACORDO 13/54 BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DO 14 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO (OEP 2021-2022-2023).

- Polo Decreto Nº: 2632/2024 do 21/03/2024 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADAS A PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL (OEP 2021 e OEP 2023).

Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo número 086, de 13 de abril de 2024.

Foi publicado extracto de dita convocatoria no «Diario Oficial da Galicia» número 99, de 23 de maio de 2024.

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo en sesión ordinaria celebrada o 24 de abril de 2024 adoptou, entre outros, o acordo 7/184 RECTIFICACIÓN DE DIVERSOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO RELATIVOS Á APROBACIÓN DE BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DE DIVERSAS PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO NO QUE RESPECTA Á COMPOSICIÓN DOS TRIBUNAIS CUALIFICADORES DOS CORRESPONDENTES PROCESOS SELECTIVOS, figurando no punto PRIMEIRO de dito acordo:

PRIMEIRO.- Rectificar o Acordo 13/54 BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DE 14 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO (OEP 2021-2022-2023), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 21 de febreiro de 2024 e modificado polo Acordo 16/118 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 13 de marzo de 2024, de xeito que onde di:

“Secretaria/o: un funcionario/a do grupo A1 ou A2, no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeado/a por resolución da Alcaldía entre aqueles/as que presten servizos no Concello de Lugo e contén con formación no ámbito xurídico.”

debe dicir:

“Secretaria/o: secretario/a da corporación ou persoa funcionaria en quen delegue.”

O dito acordo foi publicado no BOP de Lugo núm. 125 de 31 de maio de 2024. Sendo publicados os correspondentes anuncios no DOG número 134, de 11 de xullo de 2024 e no BOE núm. 227 do 19 de setembro de 2024.

- O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” núm. 147, do 18 de xuño de 2024.

- Con data do 16 de xullo de 2024 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- Polo Decreto Nº 3112/2025 do 28/03/2025 resolveuse aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº: 2632/2024 para o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADAS A PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL (OEP 2021 e OEP 2023).

Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo número 92, do 23 de Abril de 2025.

- Con data do 8 de maio de 2025 rematou o prazo de presentación de enmenda, non se tendo recibido escrito de alegacións por parte de ningún interesado, aportando a documentación requirida.

- Informe proposta da Xefa de Sección de Organización de Recursos Humanos de data 20 de outubro de 2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Único.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023 foron publicadas as "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, figurando na súa base **DUODÉCIMA.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS:**

No caso de procesos selectivos de quenda libre, rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou Concelleira/o Delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Quen dentro do prazo sinalado non emenden os defectos xustificando o seu dereito de admisión, serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo.

Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución declarando aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, este quedará automaticamente elevado a definitivo.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpren algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso.. É insubsanable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.

(...)

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior."

Tendo en conta o anteriormente exposto e en base ás atribucións delegadas por decreto nº 2730/2025 de 19/03/2025 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADAS A PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL (OEP 2021 e OEP 2023), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS

NINGUÉN

EXCLUÍDOS/AS

Apelidos e Nome	DNI	Motivo exclusión
BESTEIRO CORRAL, MARTA	***8269**	(1)

(1) Non aportar certificado que acredite a compatibilidade das circunstancias físicas ou psíquicas,co desempeño das tarefas e funcións da correspondente praza.

Segundo.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta notificación.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 20 de outubro de 2025.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial, Ilma. Sra. dona Ana M^a González Abelleira, por suplencia do Tenente de alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, urbanismo, deportes e xuventude.

R. 2925

Anuncio

DECRETO

Ilma. Sra. Dona Ana M^a González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial do Excmo. Concello de Lugo, por suplencia do Tenente de alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, urbanismo, deportes e xuventude do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído expediente en relación á lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 prazas de Auxiliar Administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (OEP 2021), e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 21 de decembro de 2022 adoptou, entre outros, o acordo 10/781 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2021).

- Visto o acordo 17/77 RECTIFICACIÓN DO ACORDO 10/781 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2021) adoptado pola Xunta de Goberno Local o 21 de decembro de 2022, adoptado pola Xunta de Goberno Local o 28 de febreiro de 2024.

- Polo DECRETO Nº 2595/2024 do 20/03/2024 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a DÚAS PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2021), que se rexerá polas BASES ESPECÍFICAS aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 21 de decembro de 2022 e rectificadas na sesión do 28 de febreiro de 2024.

Dito Decreto foi publicado no BOP da Provincia de Lugo núm. 086 do 13 de abril de 2024 e extracto do mesmo no «Diario Oficial da Galicia» número 99, do 23 de maio de 2024.

- O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” núm. 147, do 18 de xuño de 2024.

- Con data do 16 de xullo de 2024 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- Polo Decreto Nº 6127/2025 do 18/06/2025 resolveuse aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº: 2595/2024 para o proceso selectivo para o acceso en propiedade a DÚAS PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2021)

Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo número 170 , do 26 de Xullo de 2025.

- Con data do 8 de Agosto de 2025 rematou o prazo de presentación de enmendas, no se tendo recibido escrito de subsanación por parte da interesada excluída.

- Informe proposta da Xefa de Sección de Organización de Recursos Humanos de data 20 de outubro de 2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. 256 do 7 de Novembro de 2014 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, (no BOP de Lugo do 15 de febreiro de 2019 foi publicada unha modificación de ditas bases xerais) figurando na súa base UNDÉCIMA.- LISTA DE ADMITIDOS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS, o seguinte:

“Rematado o prazo de presentación de instancias, e logo de informe previo do Servizo de Persoal acerca da antigüidade do aspirante ó servizo do Concello, da súa condición de funcionario ou persoal laboral, da súa pertenza ós corpos, escalas ou grupos de titulación esixidos para optar á quenda de promoción interna e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal, se é o caso, verbo da xustificación dos

requisitos específicos esixidos para o acceso, así como para a valoración da antigüidade na fase de concurso; a Alcaldía ou Concelleiro Delegado, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, poderá publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de admitidos e excluídos.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.”

Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases que rexen a convocatoria, segundo as atribucións delegadas por decreto nº 2730/2025 de 19/03/2025 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobamos a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº 2595/2024 do 20/03/2024 para o acceso en propiedade a dúas prazas de Auxiliar Administrativo pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (OEP 2021), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS:

NINGUÉN

EXCLUÍDOS/AS:

Apelidos e Nome	DNI	Motivo de Exclusión
SEIJAS CASTEDO, ROSA MARIA	***5014**	(1)

(1): Non ser empregado público do Concello de Lugo con praza en propiedade pertencente á escala de administración xeral.

Segundo .- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta notificación.
- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Asinado dixitalmente,

Lugo, 20 de outubro de 2025.- A tenente de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial, Ilma. Sra. dona Ana Mª González Abelleira, por suplencia do Tenente de alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, urbanismo, deportes e xuventude.

R. 2926

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 17/10/2025, aprobou inicialmente o expediente núm. 517/2025 de modificación de créditos do orzamento do 2025. Dando cumprimento ao preceptuado no artigo 177.2 en relación co artigo 169.1 do real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, expónse ao público por prazo de quince días hábiles na secretaría deste Concello que comezará a contarse dende o seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas e que deberán dirixirse ao sr. alcalde-presidente deste Concello.

A Pobra do Brollón, 20 de outubro de 2025.- O alcalde, José Luís Maceda Vilariño.

R. 2927

Anuncio

Aprobada inicialmente a modificación das Ordenanzas municipais 2.05^a, reguladora da taxa por recollida e tratamento de lixo e 2.06^a, reguladora da taxa da rede de sumidoiros, por Acordo do Pleno de data 24 de xuño de 2025 de conformidade co disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local, sométese a información pública por prazo de 30 días, a contar dende o día seguinte á inserción deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

Durante dito prazo poderá ser examinado o expediente por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

En caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, entenderase definitivamente aprobado o Acordo de modificación das mencionadas Ordenanzas.

A Pobra do Brollón, 17 de outubro de 2025.- O alcalde, José Luís Maceda Vilariño.

R. 2928

POL

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 17 de outubro de 2025 aprobase o Padrón da Taxa pola prestación do Servizo de Abastecemento de Auga correspondente ao terceiro trimestre do ano 2025.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no *Boletín Oficial da Provincia*, para ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 27/10/2025 e o 29/12/2025, ámbolos dous inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado ao efecto para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca ou Caixa Rural. No caso de non recibilos, o contribuínte poderá obter un duplicado nas oficinas municipais, a non recepción non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

A falla de pagamento do canon da auga suporá a esixencia do mesmo directamente pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

A presente publicación, ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Pol, 17 de outubro de 2025.- O alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 2929

SARRIA*Anuncio***NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO****PADRÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR****EDICTO**

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación do prezo público correspondente ó servizo de axuda no fogar do **MES DE SETEMBRO DE 2025**.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias de servizos sociais do Concello de Sarria, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co establecido no art º 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación , aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo e artº 6 da ordenanza fiscal municipal comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

Nos primeiros vinte días do mes seguinte á prestación do SAF, na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto.

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Sarria, 21 de outubro de 2025.- O alcalde-presidente, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 2930

SOBER*Anuncio*

PROCESO SELECTIVO PARA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN, 4 MESES, DUN-HA TRABALLADOR-A, AUXILIAR ADMINISTRATIVO-A, (TITULACIÓN ACADÉMICA DE GRADUADO/A EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (ESO) OU TITULACIÓN EQUIVALENTE OU SUPERIOR.), NOMEAMENTO PERSONAL LABORAL TEMPORAL POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN, PARA SERVIZOS ADMINISTRATIVOS, NO MARCO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025 (B.3.- PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO).

O Alcalde do concello de Sober, por Decreto de 16/10/2025, resolveu convocar o proceso selectivo para a selección dun/ha traballador/a laboral temporal por circunstancias da produción, procedente da situación de desemprego no marco do Plan Deputación de Cooperación con Concellos 2025 (B.3.-Programa de Reforzo do Emprego), abríndose o prazo de presentación de instancias, que será de CINCO (5) DÍAS HÁBILES a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

No taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Sober e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Sober (<https://concellodesober.sedelectronica.gal>), aparecen integramente publicadas as bases que han de rexer a convocatoria do proceso selectivo de referencia.

Así mesmo, os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do concello de Sober e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Sober (<https://concellodesober.sedelectronica.gal>).

Contra a convocatoria e as bases reguladoras, que poñen fin á vía administrativa, pódese interpoñer alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ante o Alcalde deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do Contencioso Administrativo con sede en Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á precitada publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de Xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata

que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Sober, 16 de outubro de 2025.- O alcalde, Luís Fernández Guitián.

R. 2931

Anuncio

PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DURACIÓN DETERMINADA POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN DUN POSTO DE TRABAJO DENTRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025 (B.3.-PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO), E DACORDO COA SEGUINTE RELACIÓN:

1 POSTO PARA O SERVIZO DE ENXEÑEIRO-A DE MONTES, 4 MESES, 60% DE XORNADA, COA TITULACIÓN ACADÉMICA DE ENXEÑEIRO-A DE MONTES (GRUPO 1) .

O Alcalde do concello de Sober, por Decreto de 16/10/2025, resolveu convocar o proceso selectivo para a selección de un traballador/a laboral temporal por circunstancias da produción, procedente da situación de desemprego no marco do Plan Deputación de Cooperación con Concellos 2025 (B.3.-Programa de Reforzo do Emprego), abríndose o prazo de presentación de instancias, que será de CINCO (5) DÍAS HÁBILES a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

No taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Sober e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Sober (<https://concellodesober.sedelectronica.gal/info.0>), aparecen integramente publicadas as bases que han de rexer a convocatoria do proceso selectivo de referencia.

Así mesmo, os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do concello de Sober e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Sober (<https://concellodesober.sedelectronica.gal/info.0>).

Contra a convocatoria e as bases reguladoras, que poñen fin á vía administrativa, pódese interpoñer alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ante o Alcalde deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do Contencioso Administrativo con sede en Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á precitada publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de Xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Sober, 16 de outubro de 2025.- O alcalde, Luís Fernández Guitián.

R. 2932